

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, para actuacións en materia de normalización lingüística.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 10 de decembro de 2020

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para achegar as obras dos escritores e escritoras en lingua galega a todos os colectivos sociais de Galicia e do exterior en aras de conseguir que a lingua galega acade unha etapa de máximo esplendor literario e o prestixio que lle corresponde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua



galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades asociativas para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

Así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.

Que a Consellería de Cultura e Turismo considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Asociación de Escritores en Lingua Galega que ten por finalidade non soamente conseguir prestixiar e promover a estima do galego como feito diferencial da nosa terra, senón que tamén revitalizar e promover as obras literarias escritas en lingua galega e aos seus autores poñendo a información sobre a súa vida e obra a disposición de todas as persoas interesadas nela a través do seu Centro de Documentación.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento



Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

